



ACTA PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2022-2023

COMPOSICIÓN DA MESA

Don Ignacio Ojea Pérez, Técnico Actividades Culturais e Educativas, actuando como Secretario por delegación da Secretaria do Goberno Local

Dona M^a José Loureiro Bada, Xefa do Servizo de Educación

Don Fco. Torres Rodríguez, Auxiliar Administrativo da EMAO

Ás doce horas e 5 minutos do día 16 de setembro do ano dous mil vintedous, na Hemeroteca da Escola, realizouse o sorteo público para as especialidades de Debuxo Artístico e Pintura da Escola Municipal de Artes e Oficios, do nivel Básico, de conformidade coa información publicada na páxina web da EMAO e no taboleiro de anuncios. Previamente á activación da aplicación informática do sorteo léronse aos asistentes as Bases do mesmo contidas na normativa do Plan de Estudos da EMAO 2015, (artigo 3.2.2.1), así como os seguintes aspectos relacionados co proceso :

- Cada persoa preinscrida nunha especialidade ten un número asociado á mesma.
- Para cada especialidade realízase un sorteo independente.
- A medida que vaian saíndo números do bombo virtual retíranse ata que non quede ningún.
- A orde segundo saian os números será a utilizada tanto nas listaxes de admisións como nas listaxes de agarda.
- As persoas empadroadas en Vigo terán prioridade absoluta sobre as persoas que non o estean, sendo este o único factor discriminatorio.

Para a obtención de cada número dos sorteos utilízase a función mt_rand() implementada na linguaxe de programación PHP. Esta función utiliza o algoritmo Merseme Twister, un xerador de números desenvolvido en 1997 por Makoto Matsumoto y Takuj Nshimura.

Seguidamente actívase o sorteo virtual que pode contemplarse en tempo real na pantalla disposta para a súa visión pública. Nesta tarefa asiste á Mesa Don Mario Vila Barros, informático da empresa Alén Multimedia S.L.

Como resultado xenéranse os listados de seleccionados e listas de agarda para as especialidades de sorteo do curso 2022-2023: Debuxo Artístico, Pintura.

Impresos os listados son asinados na miña presenza polos compoñentes da Mesa indicados no encabezamento que se deben considerar como incluídos na presente acta.

A Xefa do Servizo de Educación
M. José Loureiro Bada

O Secretario (PA)
O Técnico Actividades Culturais e Educativas
Ignacio Ojea Pérez

Auxiliar Administrativo da EMAO
Fco. Torres Rodríguez